

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 3 DE DECEMBRO DE 2014

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día tres de decembro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde en funcións, DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ e DONA ROSANA RIELO ROZAS. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión a Vicesecretaria, dona María García Ferro, e o Interventor Xeral Municipal, don Marcial Rodríguez Toajas, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 19 de novembro de 2014.

ÁREA DE URBANISMO E MEDIO AMBIENTE


1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase a concesión das seguintes licenzas: para a substitución de cuberta na planta baixa construída coa licenza número 570/57, sen executar a substitución na parte da planta baixa próxima á rúa do Esquecemento, a edificación está situada na rúa Concepción Arenal, número 20, e rúa do Esquecemento; para legalización de cambio de uso de 40 apartamentos turísticos a 40 vivendas no edificio con licenza 1258/07, sito en solo urbano na rúa José Novo Freire, número 20; para a aprobación do proxecto técnico presentado para a instalación de estación base de telefonía móbil, coa realización de obras de reforzo da cuberta do edificio, situándose en solo clasificado como urbano, na praza do Rei, número 5 e para parcelamento da parcela sita no núcleo 33.2 as Regas-Zarra, parroquia de Muxa San Salvador.

Acórdase exceptuar do cumprimento das normas de habitabilidade de vivendas de Galiza 2010 para instalación de ascensor no edificio sito na rúa dos Paxariños, número 31.

Así mesmo, acórdase denegar a licenza de obra para a construción de 74 vivendas unifamiliares en ringleira nos rúes A, B, C e D, do polígono 3, do sector Sur-B Louzaneta-Areeiras.

2. XESTIÓN.- Acórdase a declaración de ruína técnica e urbanística no expediente contradictorio de ruína do inmovible sito na rúa illas canarias confluencia coa rúa Fontelo, con referencia catastral 7250334PH1675S0001TP.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	05/12/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	/j19FsqIfFm9SkT+IfcjqA==	PÁGINA 1/3



/j19FsqIfFm9SkT+IfcjqA==

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

3. PERSOAL.- Acórdase a autorización para realizar servizos extraordinarios por persoal adscrito a Rrexistro Xeral e a aprobación da forma de compensacion.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase o inicio de expediente de determinación da responsabilidade pola contratación do servizo para a redacción de do proxecto, proxecto arqueolóxico, dirección da obra e coordinación en materia de seguridade e saúde e seguimento arqueolóxico durante a execución das obras de rehabilitación do antigo cárcere do Partido Xudicial de Lugo (Proxecto 09UR2201 urban centro social e cultural antigo cárcere).


Así mesmo, acórdase a aprobación dos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto na contratación dun servizo de lacería e prestación de servizos asociados ao seu funcionamento no Concello de Lugo e a apertura do procedemento de adxudicación.

Tamén se acorda a aprobación das modificacións producidas na memoria programa da Área de rehabilitación de Lugo, fase XIII e consecuentemente nas "fichas" resumo en modelo do Ministerio de Fomento.

5. FACENDA LOCAL.- Acórdase a regularización da situación tributaria en concepto de taxas: pola prestación de servizos urbanísticos, ao denegarse a licenza de primeira utilización para rehabilitación de edificio sito na rúa Nova, 6; pola prestación de servizos urbanísticos, ao denegarse a licenza de primeira utilización para vivenda unifamiliar sita na rúa Romeu, 14; pola prestación de servizos urbanísticos, ao denegarse a licenza de primeira utilización para vivenda unifamiliar non vinculada a explotación agrícola cunha praza de garaxe sita no lugar de tedín (San Román), 12; pola prestación de servizos urbanísticos, ao denegarse a licenza solicitada para a construción de edificio na Calzada da Ponte, 58, esquina a prolongación da rúa do Cruzamento; pola prestación de servizos urbanísticos, ao denegarse a licenza solicitada para a construción de edificio na praza de San Lourenzo; pola prestación de servizos urbanísticos, ao denegarse a licenza solicitada para a reestruturación total, por cambio no programa de usos, de edificio para uso de apartamentos turísticos na rúa Tinería, 17, e Travesía do Miño, 4; pola prestación de servizos urbanísticos, ao denegarse a licenza solicitada para a construción de edificio na ronda das fontañas e rúa san eufrasio, 26; pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao denegarse a licenza solicitada para modificación de distribución interior e

Código Seguro de verificación: /j19FsqIfFm9SkT+IfcjqA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	05/12/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	/j19FsqIfFm9SkT+IfcjqA==	PÁGINA 2/3


/j19FsqIfFm9SkT+IfcjqA==

ampliación de planta primeira no edificio sito na rúa Albedro, 13; pola prestación de servizos urbanísticos, ao denegarse a licenza solicitada para instalación dunha área de lavado de coches na rúa Sabugo, 31; pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, ao denegarse a licenza solicitada para o reforzo de estrutura e mellora de fachada no edificio sito na rúa castiro, 4 e pola prestación de servizos urbanísticos, ao denegarse a licenza solicitada para a construción de edificio na rúa Río Landro, 42, e rúa Río Eume.

Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.

Código Seguro de verificación: /j19FsqIfFm9SkT+IfcjqA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	05/12/2014
ID. FIRMA	afirma.pro	/j19FsqIfFm9SkT+IfcjqA==	PÁGINA 3/3

